

ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que o alcalde ditou a seguinte:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3. 2 a) do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional), correspondentes á Conta Xeral do exercicio 2024.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26/06/2023, acordou ter sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas salvo o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas; e que se ese día caíra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

TENDO EN CONTA que na relación de asuntos, como xa se dixo, inclúese a aprobación do ditame da conta xeral correspondente ao exercicio económico 2024, que é unha competencia do Pleno do Concello e que require previamente o ditame da Comisión Especial de Contas, Facenda e Patrimonio.

TENDO EN CONTA que o artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que a conta xeral formada pola Intervención municipal será sometida a informe da Comisión Especial de Contas do Concello e que aquela, xunto co informe da comisión, expoñerá ao público por prazo de 15 días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que serán novamente examinados pola comisión que, practicadas por esta cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe.

TENDO EN CONTA que acompañada dos informes de comisión especial e das reclamacións e reparos que se formulen, a conta xeral someterase ao Pleno do Concello.

TENDO EN CONTA que o Concello renderá o Tribunal de Contas a conta xeral debidamente aprobada.

TENDO EN CONTA que de conformidade co previsto no artigo 212.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, “as contas e a documentación complementaria estará a disposición dos membros da Comisión para exame e consulta como mínimo quince días antes da reunión.

TENDO EN CONTA que o artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e co artigo 212.1 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, correspóndelle ao alcalde render as contas xunto con todos os seus xustificantes e anexos, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión EXTRAORDINARIA da Comisión informativa especial de contas, facenda e patrimonio para o

Día: 20/05/2025

Hora: 08:00 horas a 1.ª convocatoria e, se procédese, ás 09:00 horas a 2.ª convocatoria

Lugar: salón de plenos Casa do Concello

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1 Ditame da Conta Xeral correspondente ao exercicio económico 2024.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Comisión Informativa de constas, facenda e patrimonio, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.oruso.gal/opencms/gl/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.

Federico Suárez Canelo.